

Anía y os homecos

Pepe Suárez Jardón

Anía y os homecos

FUNDACIÓN
PARQUE HISTÓRICO del NAVIA

GOBERNO DEL PRINCIPAO D'ASTURIAS
CONSEYEIRÍA DE CULTURA,
POLÍTICA LLINGÜÍSTICA Y TURISMO

Financiación: Conseyeiría de Cultura, Política Llingüística y Turismo

© Edición y testos:
Oficina de Coordinación Cultural y Llingüística
Parque Histórico del Navia
Principao d'Asturias

© Fotografía portada: Francisco Javier Freitas Arias

© Ilustracióis interiores: Claudia Cuervo

Diseño y maquetación: lloviendoletras

Impresión y encuadernación: Eujoa Artes Gráficas

Depósito Legal: AS 02954-2022

Pepe Suárez

Pepe Suárez (Matafoyada, 1965) é fiyo de campesinos, lo que ye feiría tar dende mui novo vinculao a movementos sociales y políticos tomando conciencia de clase. Nacía nese contesto el sou amor hacia a lliteratura, pro sobre todo hacia a poesía.

Na súa vida trabayóu en muitas cousas: llouxeiro, llabrador, oveyeiro, pintor de casas, quioscqueiro, etc. Dende el ano 2011 vive en Mendoza (Arxentina) unde é profesor de *Lengua y Literatura*.

El sou primeiro llibro de poesía *Manos de viento* foi publicao nel ano 2016, abordando muitos temas, en especial temas sociales, unde tamén ten poemas dedicaos al amor y á naturaleza. A súa segunda obra *Por el camín de Nayudes* foi publicada nel ano 2021 y escrita en gallego-asturiano; el sou éxito sirvíuye prá edición del sou terceiro llibro *La voz del silencio en la mirada*, poemario esistencialista de mui recente edición.

Pepe tamén ten collaborao con outras publicacióis, como *Historia de Candaosa-Lagar*, unde se poden atopar varios versos en gallego-asturiano qu'ensalzan a conca del río Porcía, río emblemático pral autor y a súa obra.

Anía era úa nena d'us oito anos, aprosimadamente, que llevaba us días braniando na casa dos bolos, nel aldea, pos os padres tían muito trabayo y ella, que xa taba de vacacióis fía dúas semanas, aburríase muito nel piso da ciudá. Súa madre pensóu qu'era muito miyor llevalla al campo, total os sous padres, é dicir os bolos d'Ana, vivían solos y sempre que falaba con ellos por teléfano dicíanye lo mesmo, que tían muitas ganas de ver á súa neta, porque dende a Navidá nun la volveran a ver.

Asina foi como un fin de semana a madre d'Ana y Ana coyeron el camín, miyor dito, a carreteira xeneral y enreyaron pral poblo. Era un día barruceiro, y inda qu'a madre iba axeito pra poder ver máis craramente a carreteira, pouquín a pouco, despóis d'úas tres horas, chegaron á aldea y, nun bocadín, coyeron a pista que las llevaba cara á casa dos bolos.

Condo chegaron xa eran as doce y a bola d'Ana taba fendo a xanta, mentres qu'el bolo taba pañando un pouco d'herba pra os conexos, qu'eran os únicos animales que yes quedaban, además d'úas poucas pitas que deixaran pra ter ovos frescos todos os días. Anque toda a vida foron llabregos y viviron del gado, al xubilarse venderan as cuatro vacas que yes quedaban y quedáranse namáis cuas pitas y os conexos, que xunto a un cancín medio xordo que tían, chamado Turco, eran as únicas almas que los acompañaban na soledá del campo.

Todo foi allegría al recibir a Anía na casa. A bola abrazóula tan forte qu'Ana cuase pensóu que la iba a estrapeyar; condo la soltóu Ana tía os oyos chíos de llágrimas, que nun eran de tristeza senón, máis ben, del apretón da súa bola que la deixaran sin alento.

Despóis de cambiarse de roupa, Ana xantóu cos sous bolos y con súa madre. Todas eran perguntas sobre a escola, nun bombardeo incesante que, en verdá, deixóu a Ana un pouco allouriada; inda que puido contestallas todas, había veces que quedaba rouca de tanto falar.

Condo chegóu a tardía, ou máis ben a noitiquía, a madre d'Ana tuvo qu'irse porque, según ella, nun quería conducir de noite, pos anque era

brao —hai que dicir que nun taba úa xeira muito búa pra viaxar— ese barruzo caprichoso nun deixaba ver con craridá a carreteira.

Ana, se ben taba contenta de tar na casa dos sous bolos, púxose un chinisco atristada al ver como, cada vez máis llonxe, s'iba perdendo de vista el coche da súa madre, nun infinito punto suspensivo sin acabo.

Xa de noite, Ana, máis tranquila, puido xugar al dominó con sou bolo Antón, nun tableiro feito por él mesmo, de madeira, pos además de llabrador, fora tamén un pouco carpinteiro, llabor que seguía fendo por vagar, máis que por outra cousa.

Chegóu el hora de durmir y, como pasa sempre qu'hai un bolo y un neto xuntos, chegóu el hora del conto; sempre resurxe esa maxia de cuntar dalgún conto pra durmir; un daqué que se vén fendo dende tempos inmemoriales, dicen que dende el edá del descubrimento del llume, alló pollos tempos del ferro.

Al outro día ameicéu úa mañá espléndida, con rayolas d'un solín agradable que pintaba de verde brillante y marello todo el paisaxe; as montañas parecían sacadas d'un documental d'esos que vía ás veces el padre d'Ana na televisión; a Ana renembrábaseye á selva del Amazonas, esas

carbayeiras al sol, cuas tonalidades d'infinitos verdes y castañeiros, llimpios y recén llavados pol barruzo del víspora.

Parecía qu'el sol invitaba a dar un paseín pol campo y asina foi despóis de calzar as catiuscas pra nun moyarse; entrambas, a bola y a neta, saliron a pañar mazás á pumarega que tían nas cortías da casa, nus mazueiros chíos de coloradas y brillosas mazás qu'asomeñaban ter un gusto delicioso.

As dúas llevaban úas bolsas de plástico pra enchellas cua fruta qu'aporondaba asgaya dos árboles, como dicíndoyes ¡coyédeme! Y nese llabor taban condo de sutaque sintiron úa vocía que yes daba os bus días; era Herminia, a vecía d'úas casas máis pra baxo, al final del caleyón que, como úa colobra, esbaraba pol poblo abaxo.

Herminia paróuse a falar cua bola d'Anía, y comentóuye qu'este ano cuase toda a fruta taba abicharada; según ella dicía, eran os homecos qu'andaban soltos pol campo dende a primaveira y que nun fían máis que trasnadas, rañando as peras y as mazás das pumaregas, pudríndolas y fendo qu'os llimacos y os coscos entraran a comer nellas. A Ana todo eso parecéuye dalgo mui raro, nun entendéu por qué esa muyer dicía esas

cousas y, sobre todo, perguntábase quén serían esos homecos que fían esas trasnadas na fruta.

Condo Herminia se botóu a andar, quedaron outra vez solas pañando as mazás que taban tiradas por todo el prado; Ana reparóu ben na fruta y era verdá qu'a mayoría taba trabada ou machucada, y mirando á súa bolita atentamente perguntóuye qué era eso dos homecos; entoncias a bola díxoye que condo chegaran a casa xa yo cuntaría, que mentres tanto tían qu'encher as bolsas y volver prá casa, pos outra vez taba poñéndose nubrado, y como que parecía qu'el barruzo empezaba a chegar de novo.

Xa na casa, valleiraron as bolsas cuas mazás nel cabanón nun peteiro que xa había. Ana botóuyes úa oyuada rápida y parecéuye que máis da metá taban con furacos; eso volvéula inda máis pensativa con respeuto al tema dos homecos: pensóu pra ella mesma que debían ser us viermos xigantes qu'apedraban toda a fruta; eso pensóulo pra os sous adentros, pro nun ye dixo nada á bola.

Al hora de fer a xanta, a bola díxoye que fose ver el que taba fendo el sou bolo pol cabanón; entoncias Ana saliu pra fora a buscallo chamándolo



a berridos «¡Bolito!». De detrás del cabazo contestóuye a voz grave y seca del bolo, y pr'alló foi Anía correndo y rebincando. Condo chegóu á veira d'él víu que taba cua foucía quitando as hedras y os artos alredor das cepas del cabazo; ella quíxoye axudar, pro al bolo parecéuye pelligrosa tal cousa y díxoye que nun s'achegase muito ás ferramentas porque eran sempre úa causa d'accidentes. Esto dicíayo mentres ye enseñaba un dido que tía máis torto qu'os outros y cua mancadura que ye deixara úa búa sésiga. Según ye contóu, foi de condo era pequeno como ella que, segando trigo, escapóuseye a foucía cortándolo na mao; inda menos mal que nun ye cortara todo el dido, como pasaba ás veces.

Pro Ana siguía dándoyes voltas a os homecos, esos bichos, ou lo que fosen, qu'esa vecía dixo y, como nun podía sacar da cabeza tal cousa, pouco caso ye fixo al que ye dicía el sou bolo; ella tía outras preocupaciói máis importantes.

Despóis de qu'el bolo acabóu de relatar el que ye pasara na sega cua foucía, toda decidida, perguntóuye directamente qué eran os homecos. El bolo miróula espantado como perguntándose d'únde sacaría Ana esa información. Llougo de pensallo us segundos, díxoye que quén ye falara dos homecos. Condo Ana ye dixo el que pasara nel prao y quén fora a que



yo dixera, Antón - arrascándose a testa y con cara de susto- espricóuye á súa neta qué era eso dos homecos y esto foi el que ye dixo:

—Os homecos son us seres mui pequeníos que viven el máis das veces entre as foyas y os carrochos nos montes, allí pasan todo el inverno fendo das súas, tirando as piñas dos pinos, recoyendo bellotas y béillaros dos carbayos, amorolos dos camíos y outros frutos dos espíos y das outras prantas; neso tan entretenidos muitín tempo. Nos días máis cortos del inverno nun salen, métense núas covas que fain entre as xanzas dos montes y os zarros, unde amontúan os frutos y as bayas recoyidas pol contorno. As covas gústayes fellas nas penas, porque ei recoyen el augua que cai y d'ese xeito tein comida y augua pral llargo inverno y pras invernadas que veñan máis tarde. Despóis, condo chega el mes de marzo, y si vén bon tempo xa en febreiro, empezan a salir pouco a pouco como se tuveran vergonza de que los vexan. Primeiro andan alredor dos zarros y dos montes, entre a bouza, pañando amoras nas arteiras ou abruños, tamén yes gustan muito os borrachos, é el fruto que máis yes gusta...; ás veces comen tantos que se yes ve de llonxe ir arrestruyándose pollos tombos dos prados y dos carreiros, todos allouriados, como si foran en verdá borrachos. Asina van pasando os piores meses del inverno, entre





tar acovachados úas veces y medio espertos outras, pañando os frutos bravos das ribeiras dos regueiros y nos montes. Al río nun s'achegan muito porque yes tein medo ás encantadas y a os trasnos, que son muito máis grandes qu'ellos y máis fortes; dalgúa vez dicen que los viron amarrándo-se con dalgún trasno doméstico y cuase sempre é el trasno el que sale victorioso d'esas lluitas dándoyes a os probes homecos úas búas mayegas. Por eso é pol que refugan irse cerca dos ríos unde hai molíos ou fontes, tamén escapan da xente y, sobre todo, dos poblos, xa qu'os humanos sempre andan con dous animales a os qu'ellos yes tein muito medo: os cáis y os gatos. Son os dous piores enemigos dos homecos porque condo los ven ou los osman vólvense tollos y corren detrás d'ellos, pos anque ún nun poda vellos y pasen desapercibidos, os cáis venlos sempre ou a lo menos úlenlos; tamén os gatos condo tan amurando nos campos poden vellos, pos os homecos hai quen dice que cheiran d'un xeito mui especial que namáis os gatos y os cáis poden sintillos.

El bolo d'Ana continuóu cua súa expricación, dicíndoye que:

— Por todo eso é pol qu'a os homecos nun yes gusta achegarse ás casas, xa qu'a xente normal nunca los pode ver, pos son invisibles pras personas que solo ven el estropicio qu'estos deixan na fruta ou os furacos

que fain nos prados pra buscar binocas ou reices. É asina que nas casas unde nun hai cáis nin gatos é máis fácil qu'anden, tando sempre pollas cortías ou os hortos rañando na fruta: pésigos, mazás y peras, y enxamáis nos llimóis nin nas naranxas, que nun yes prestan miga. Condo chega a primaveira é condo máis andan, pos empezan a vir os días guapos y aprovetan pra salir ás rayolas de condo nun chove, porque condo chove nun salen xa qu'el augua pode arrastrallos y afogallos. Al chegar el brao y con él as frutas maduras, é condo ellos tan máis activos, refolgando nos praos y comendo toda crase de frutas; entre ellas, cereixas, nisos, pésigos, abruños, mazás, peras, etc. Asina pasan os meses de xulio y d'agosto hasta que chega setembre y con él, el outono; ei, énchense de castañas, avellanas, noces y bellotas, que yes dan alimento pra pasar el inverno frío.

Nestas, el bolo d'Anía, remarcóuye á pequena daqué que recordaría pral resto da súa vida, el vínculo dos homecos cuas personas:

— Como che dixen, el máis das personas nun los poden ver, namáis os nenos que nun tein inda malicia son os únicos que, dalgús, non todos, poden vellos. Hai tamén dalgúa xente mui especial, con un alma mui pura, que tamén los ven y nunca los molestan, xa que se los molestan quer dicir que nun tán feitos pra vellos y qu'a súa alma nun é pura. Por eso os

nenos que fain trasnadas nunca los ven, son esos nenos qu'andan a os níos dos páxaros ou pañando grillos ou ratos, esos nenos enxamáis verán a os homecos. Pro, si tú teis el alma pura, nobre y sinceira pode ser que teñas sorte y vexas dalgún homeco; eu condo tía a túa edá puiden ver máis d'úa vez a estos seres ceibes nel prao recoyendo cachíos de frutas y herbas, porque tamén recoyen herbas melecieiras, pos, condo se poin malos y yes dole a barriga púrganse con prantas y fain melecías núas potas de ferro pequenas unde ferven as herbas y fabrican as pomadas ou os romedios cos que se curan. Dicen as llendas que, nalgúa ocasión, salvaron a dalgún humano deixándoye na ventá del cuarto del enfermo dalgúa melecía sempre qu'haxa un neno que poda comunicarse con ellos. Eu nunca m'atrevín a achegarme a unde taban, solo los vin de llonxe; sabía qu'ellos tamén me vían porque me pintaba que me miraban de reoyo, pro como nun los molestaba parecíame qu'ellos fían os sous llabores tranquilamente.

Despóis de tar baruyando como un hora dos homecos os oyos d'Ana regallábanse cada vez máis, a súa cara reflexaba el emoción qu'el relato del bolo causaba nella, tanto que taba colorada y chía d'úa excitación mayúscula, qu'el sou bolo percibíu, asina que avisóula que nun ye dixese nada á súa bola, porque ella nun cría nesas cousas y roñaba cada vez qu´ouguía falar d'eso.

Era el hora de xantar condo chegóu a voz da bola afalándolos pra qu'anduvesen a comer. Na mesa nun se falóu máis nada dos homecos, nin sequera houbo úa palabra sobre as mazás, nin se falóu tampouco de volver máis a pañar mazás al outro día.

Pro, na súa cabeza, Ana tía un plan, un plan perfeuto: al outro día, condo ameicese, iba a ir mui someira a outiar na pumarega pra ver a os homecos; tal era a súa expectación que cuase nun puido dormir en toda a noite.

Y amaicéu por fin. El día era craro y despexado, el sol xa calecía a terra y un cerzo mesto empezaba a subir hacia as cortías da casa. Na corrada había un olor al llimueiro que taba xunto á cancella, ese olor parez que ye deu a Ana forzas pr'animarse a coyer el carreiro qu'iba cara á pumarega unde taban os mazueiros. Ana nun tía miga de medo, taba convencida qu'esos seres máxicos nun ye iban a fer nada, porque confiaba nas palabras del sou bolo; él asegurábaye qu'eran inofensivos y que se nun los molestaban nun fían nada, asina qu'enreyóu el camín mui contenta saltando de pedra en pedra, xugando cos regos que deixaran as rodas del carro marcadas nel tarrén. D'este xeito foi chegando a un tombín que fia el camín, antias de chegar á curva, enriba del prado da

pumarega. Condo chegóu ei quedóuse quieta, sin fer ruido, escuitando os cantos dos páxaros que, nun festival, piaban al vento un sinfín de sinfonías: merbos, petos, corvos, pegas, ferreiríos y paporrubios entonaban as súas cántigas núa frenética melodía.

Pouco a pouco, el sol pintaba de variados colores el paisaxe, en verdes y marróis de múltiples tonos, y as solombras das nubres pasaban deixando imáxenes diversas. D'este xeito pasaron us minutíos qu'a Ana parecéronye anos. A os poucos minutos sentíu un ruidín cuase imperceptible: daquén eslleiraba entre as foyas del montequín que chuchaba el carreiro núa especie d'abrazo; era úa llingua de gamayos y folgueiras que daban á pumarega entre úa parede baxa que rodiaba os maceiros. Y, de sutaque, escuitóu outros ruidíos como se foran úa musiquía mui suave, tan froxa que ye costaba ouguilla; menos mal qu'el nordés achegábala hasta unde taba Ana, qu'asina podía escuitalla cada vez con máis craridá.

Entoncias, víulos vir pol carreiro. Iban en fileira, andando ou correndo, pos nun puido vellos ben, anque cuase xuraría que rebincaban dando us saltíos mui divertidos. Llevaban us traxes de color verde y azul, con us zapatos marróis color terra, tamén dalgús llevaban úa pucha na cabeza, y outros úa especie de sombreiro de paya; axina chegaron al pé dos

maceiros, empezaron a reveirar entre el herba y as canas que taban tiradas nel prado y con us cuitellos en miniatura tayaban as mazás y sacábanyes cachíos pequenícos que metían núa especie de cestas de mimbre ou de xungos unde las guardaban.

Ana taba tan emocionada que, erguéndose axina, nun puido menos que poñerse dereta, arrimada al vallado: y parez qu'ellos víronla tamén, pos dalgús d'ellos quedáronse mirándola fixamente; pro como viron qu'Ana nun yes fía nada, seguiron col sou llabor, canturriando ou baruyando entre sí, y asina pasaron ¡nun se sabe ben cónto! pos condo Ana se deu conta sentíu a voz da súa bola chamándola. Entoncias, viróuse y deu volta camín da casa; eso sí, nun se llibróu de que súa bola ye roñase un pouquín, non muito, pos quería muito á sua netía.

Condo tuvo tempo, contóuye al sou bolo a experiencia vivida. Él allegróuse abondo, anque nun ye sorprendéu pos sabía qu'iba ser fácil qu'Ana podese ver a os homecos como puido vellos él na súa nenez; renembróuseye qu'Ana asomeñábase a él, a ese neno que foi y qu'inda llevaba dentro.

Podedes imaxinar qu'Ana todas as mañás iba a ver a os homecos en silencio y alló pasaba us minutos, con toda el admiración por estos seres

que trabayaban con muito afán, y sempre volvía antias qu'a bola la chamase y se dese conta de qu'ella nun taba na casa.

¡Qué brao pasóu Anía ese ano! Todo foi un ir y vir en busca dos homecos da casa á pumarega; todas as mañás, núa acción sincrónica, dous oyos mirando y contemprando el aparición d'esos seres, cuase invisibres, qu'a Ana ben ye encantaban. Había veces qu'a media mañá tamén s'achegaba á parede del camín pra outiar a ver si los vía, pro a esa hora era máis difícil porque os homecos andan sempre al ameicer, condo a xente inda ta durmindo y el sol empeza a rirse nel horizonte allumando todo cua súa sonrisa rellucente.

Y pasóu el que tía que pasar, tanto vai el cántaro á fonte qu'al final escáchase, dice el dito, y asina foi. Pouco a pouco Anía iba atrevéndose a achegarse máis y máis a os sous amiguíos, hasta qu'un día, condo se deu conta, detrás d'un maceiro de mazás que yes chaman «da cacha colorada», taba nel medio dos homequíos qu'entre risas y xolgorio disfrutaban recoyendo a fruta, cachín a cachín. Ella asustóuse un pouco, anque axina ye pasóu el medo, pos fixándose ben observóu qu'un homeco ye fía señas de que s'achegase a él col dido en vaivén; Ana encrequeñóuse cuase hasta el tarrén y pegando el ouguido a rentes del herba puido escuitar como

se ye falaran dende mui llonxe, úa vocía que ye dicía que nun tuvese miga de medo, qu'ellos nun ye iban a fer nada pos eran, según as palabras que ye dixo, mui amigos dos nenos. Esto, por suposto, tranquilizóu a Ana, que xa tía medio corpo deitado nel tarrén y escuitóu todo el que ye dixo el homeco, que foi el que sigue:

— Amiga nena, nun teñas miga de medo. A nosoutros gústannos os nenos que son puros, que nun tein maldá, esos que xogan cuas cousas sin rompellas, que nun maltratan a os animales nin yes pegan, esos nenos son y foron sempre os nosos amigos y compañeiros; sempre foron poucos, ún ou dous cada vente ou trenta anos, porque a mayoría nun nos poden ver pos tan entretenidos en tirar os níos dos páxaros das canas dos árboles ou d'apedriar a os probes llargatos que durmen al sol nas paredes de pedra. Pro os nenos que tein el alma pura como la teis tú, sí poden vernos y ouguirnos, y son por sempre os nosos amigos. Anque despóis de grandes xa nun teñan tempo pra falar con nosoutros, pos tán atariados col trabayo, dalgús siguen véndonos y muitas veces axúdannos a sobrevivir nel monte, deixándonos faraguyas de pan ou gayetas pol inverno, ou outras comidas, pra que pódamos sobrevivir nas invernadas de neve y augua, xa que nun podemos moyarnos muito, pos llévanos el augua y arrestrúyanos pollos caleyóis y pode matarnos.

De seguido, siguíu el homeco explicándoye á pequena:

— Entre os mayores que nos axudan ta el tou bolo, que nos ta axudando sempre dende que tía a túa edá, inda qu'ás veces ten qu'esconderse pra que nun lo vexan os vecíos nin túa bola; ella nun é quén a vernos y condo el can vai con él tampouco nos pode axudar al ter qu'escorrello prá casa pra poder achegarse a falar con nosoutros; él xa nos advertíu de que tu nos vías y qu'era fácil que, dalgún día, veses a falar un bocadín con nosoutros.

Despós d'acabar de falar el homeco, Ana púxose mui contenta. Pensóu que tía muita sorte de poder ver y ser amiga dos homecos, esos seres especiales que recoyen fruta y texen a súa roupa col llin que medra nos camíos y cua llá qu'as oveyas perden entre os artos y os gamayos y qu'ellos recoyen pra llevalla ás súas casas.

Ana, enchéuse de perguntaryes un feixe de cousas, pos taba mui entusiasmada; tanto qu'esa noite nun puido pegar oyo pensando xa nel ameicer, unde iba volver a vellos y a baruyar con ellos.

Y asina foi. Al outro día Ana tuvo outra conversación mui búa col mesmo homeco y cos outros qu'iban xuntándose alredor d'ella pra poder

escuitar y falar tamén. Ana taba deitada nel herba y ellos alredor da súa cabeza, d'ese xeito podían sentirse ben; alló foi enterándose das súas costumes, de cómo y únde vivían y, en fin, de muitas cousas das qu'Ana soupo sobre estos seres máxicos.

Dalgún día Ana acompañábalos hasta a cova unde vivían y alló víu os telares, feitos de garabuyos y carrochos, unde texían mantas, cobertores y a roupa que vestían; era úa imaxen fantástica vellos texer, porque eran mui argutes nel arte del telar.

Tamén había outros oficios, como ferreiros, mulieiros, llabradores, cazoleiros, etc., pos además de recoyer fruta tamén araban y llabraban a terra, tían us hortíos mui pequenos unde semaban úa sola semente y d'esa semente nacía úa sola pranta; asina había úa sola berza, un solo nabo, un solo caso de meiz y d'ese xeito podían trabayar y cuidar a pranta; os ferreiros fían de cachos de ferros y outros metales potas, cazos, tixellas, concas y todos os utensilios da cocía, y as ferramentas pra llabrar el horto como eixadas, palaganchas, garruchas, basadoiros y demáis; os mulieiros molían un grao de trigo ou de meiz y con ese grao sacaban abonda farina pra úa familia; dalgúas veces, se os graos eran mui pequenos fíanyes falta tres ou cuatro. Todo esto víulo Ana cos sous

propios oyos, y muitas veces ella mesma yes llevaba graos de meiz ou de centén pra que moleran y outras sementes y pevidas pra semar, asina pasaba el máis del tempo polas mañás.

Anque á súa bola nun ye fía muita gracia, pos desconfiaba d'ella, el bolo sempre ye dicía á súa muyer qu'Ana iba con él al monte ou al prao, pra despistar os encontros d'Ana cos homecos.

Pasóu el brao y Ana tía que volver cos sous padres prá ciudá, y despós de despedirse dos sous amigos prometéuyes que volvería pras Navidades, anque ellos dixéronye que pol inverno acovachábanse y nun salían, asina que quedaron en verse pral seguinte brao.

Ana medróu y féxose moza, pro sempre conservóu el sou amor polos homecos. Sempre iba a vellos y a axudaryes na recoyida da fruta, todos os anos, sin deixar d'ir ningún a visitallos. Despós, casóuse y tuvo un fiyo, que ye puxo de nome Colaso, al cual llevaba todos os braos al campo a ver os homecos; y é el día d'hoi que Colasín, que ten oito anos, xa se fixo mui amigo dos especiales seres del monte, os homecos, que gracias a estas maos xenerosas pasan os miyores invernos despós de siglos, según ellos mesmos yes dicen porque el que tein estos seres é que viven centos

d'anos, cuase sin enveyecer; os máis veyos tein como cincocentos anos y nótase porque tein el pelo branco y tan máis reveyecos qu'os outros.

É por eso que, condo véxades fruta tirada xunta os árboles con furadíos, pensade que por ei andan ou anduveron os homecos, y tede a precaución sempre de deixaryes dalgúa fruta, anque seña rañada, pra que podan ellos guardalla pral inverno llargo, unde nunca salen das súas covas.

FIN

Anía, é úa nenía d'oito anos que vai pasar as vacacióis cos bolos nun pequeno poblo de montaña. El brao nun resulta miga aburrido condo os homecos fain a súa aparición, estos pequenos seres que viven nos montes y que nun son vistos máis que polos nenos y nenas que tein un corazón puro y nobre. Anía descubrirá nestos seres máxicos us amiguíos cos que pasar el sou tempo.